

## BASES PARA O III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE SALCEDA DE CASELAS

“Enfocando contra a Violencia de Xénero”

#Salcedafoto25N

### 1. ORGANIZACIÓN DO CONCURSO

O Concello de Salceda organiza e convoca o III Concurso de Fotografía de Salceda de Caselas “Enfocando contra a Violencia de Xénero”.

Un ano mais, o Concello de Salceda de Caselas pretende sensibilizar á cidadanía, especialmente ás persoas mais novas, e lanzar un berro contra a violencia exercida polos homes contra as mulleres polo único feito de ser mulleres.

Neste III Concurso de Fotografía, xa consolidado en Galicia, os traballos premiados serán os que reúnan, ademais de calidade técnica, mensaxes contundentes de rexeitamento a todas as formas de violencia de xénero. Imaxes de denuncia, visibilización, reivindicación e prevención da violencia, reforzando os principios e valores da igualdade.

Así, o concurso concíbese como unha ferramenta de sensibilización a través da imaxe, deseñada pola xente moza e dirixida a toda a sociedade.

Este Concurso, enmárcase no Programa Olimpia, adicado á primeira medalla galega, Olimpia Valencia e financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

### 2. OBXECTIVO DO CONCURSO

O principal obxectivo do Concurso é recompensar aqueles traballos fotográficos que mellor contribúan á defensa e difusión dos valores contra a violencia de xénero:

- Sensibilizar á cidadanía en materia de violencia de xénero.
- Prever a violencia de xénero en todas as súas formas a través da imaxe e a fotografía.
- Promover a implicación da mocidade a través dunha acción participativa a través dun concurso dirixido ao alumnado dos centros de secundaria de Salceda de Caselas.
- Alimentar, a través da creatividade, unha reflexión sobre a violencia de xénero e a desigualdade estrutural das mulleres que sustenta esta violencia.

### 3. A QUEN VAI DIRIXIDO

O III Concurso Fotográfico de Salceda de Caselas vai dirixido a toda a veciñanza de Salceda de Caselas, especialmente aos mozos e mozas dos centros públicos de



educación secundaria e bacharelato da vila, que realicen unha fotografía coa temática do concurso, respectando os termos e condicións descritos nestas bases.

#### 4. TEMÁTICA

As fotografías deben xirar ao redor dalgún dos seguintes temas:

- A violencia de xénero en todas as súas formas, incluída a violencia sexual e psicolóxica de control.
- Os roles e estereotipos sexistas.
- Situacións de discriminación e desigualdade que sofren as mulleres, especialmente as mulleres mozas e que reforzan a violencia.
- Reivindicación da coeducación como ferramenta para combater a violencia de xénero.
- Visibilizar a mulleres superviventes que saíron da espiral da violencia como unha mensaxe positiva para todas as vítimas e para a sociedade.
- Amosar os recursos existentes para combater a violencia de xénero así como as entidades, as ONG, as asociacións feministas e as e os profesionais que combaten esta lacra.

Non se aceptarán fotografías que supoñan a intromisión nos dereitos e dignidade das persoas.

#### 5. PRAZO E MODO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS

Pódense presentar fotografías entre o 8 e o 27 de novembro.

##### Entrega online:

A entrega online será a través do e-mail [igualdade@salcedadecaselas.gal](mailto:igualdade@salcedadecaselas.gal) e no asunto do envío hai que indicar: III Concurso de Fotografía. Axuntarase en arquivo a obra presentada, asinada con pseudónimo e outro arquivo co nome do título da obra, no que tamén se indicará o nome, a dirección, teléfono e DNI do autor ou autora, co título da obra e o pseudónimo co que se asinou.

A participación no Concurso supón a aceptación total das bases do mesmo.

#### 6. DESENVOLVEMENTO

Para participar no concurso deberanse cumprir, ademais dos citados, os seguintes requisitos:



- Realizar unha fotografía en cor ou branco e negro con algunha das temáticas propostas
- Poderase participar como máximo con dúas fotografías que se enviarán exclusivamente en formato dixital.
- O gañador ou gañadora darase a coñecer o 13 de decembro coa publicación da súa fotografía e nome a través das redes sociais do Concello de Salceda de Caselas.
- A fotografía gañadora será elixida por un xurado que escollerá a obra premiada entre as preseleccionadas que serán publicadas nas redes sociais do Concello (Facebook e Instagram), entre os días 28 e 30 de novembro co hashtag: #SalcedaFoto25N, para que poidan ser compartidas.

## 7. PREMIO DO CONCURSO

Haberá un único premio dotado cunha tablet de última xeración e libros. Ademais a fotografía premiada será a imaxe que utilizará o Concello de Salceda de Caselas en posteriores accións contra a violencia de xénero.

O Concello fará un recoñecemento especial á fotografía con mais likes na conta de Instagram e de Facebook do Concello de Salceda de Caselas consistente nun lote con material audiovisual e libros.

## 8. O XURADO

A obra premiada será elixida por un xurado paritario con persoas expertas en fotografía e igualdade e no que estarán:

- 2 persoas representantes do Concello de Salceda, da área de Cultura e de Igualdade.
- 2 representantes do IES.
- 1 persoa experta en igualdade.
- 1 persoa experta en imaxe e comunicación audiovisual.
- 1 persoa experta en fotografía.

A decisión do xurado é inapelable e será comunicada á alcaldesa, que ordenará a publicación do fallo nas redes sociais do Concello de Salceda de Caselas e a comunicación á dirección dos centros educativos.

## 9. ACEPTACIÓN DAS BASES E CESIÓN DE USO DAS OBRAS

Coa súa participación no Concurso, as persoas aceptan as presentes bases e ceden gratuitamente as fotografías preseleccionadas ao Concello de Salceda, quen poderá



utilizalas citando a autoría para a súa difusión en redes sociais, páxina web, exposicións e edicións de material impreso ou dixital.

